

Máis vale previr que lamentar

O teu corredor de seguros sempre te informa... Se non estás seguro, búscanos

“Un hoxe vale por dous mañás”, cantos “mañás” vale a túa saúde?



Cando usamos esta expresión sempre nos referimos ao tempo. E cando utilizamos o lema “máis vale previr que lamentar”, estamos pensando sempre na túa seguridade, porque **os seguros de saúde anticipan acontecementos futuros**, de tal forma que cando se presenta unha **urxencia** XA estás perfectamente cuberto.

Se falamos de saúde o tempo manda. Tempo para recuperararte, tempo para gañar a carreira da túa saúde; o tempo é un factor determinante que che axuda a vencer a enfermidade. Se tes que recuperararte, convértese no teu aliado pero, se deben atenderche con rapidez, inmediatamente se volve o teu inimigo.

Recomendamos contratar o teu seguro de saúde cando estás san. Así garantas a túa saúde futura e resolves as chamadas

preexistencias de saúde. Son aquelas enfermidades que xa tiñas ou che diagnosticaran antes de contratar o seguro médico. Os seguros de saúde non as cobren habitualmente.

Por iso, tes que gañarlle **“tempo ao tempo”** e ordenar a túa saúde cando estás san. Vas-te sentir moito máis tranquilo a pesar dos recortes na Sanidade Pública.

Canto vale a túa saúde? Moito! Fíxate se vale que, segundo a Memoria Social de Unespa de 2014, en España xestionáronse un total de 80.146 sinistros cun **custo de 13.824.165 €**, e en realidade non saberíamos poñerlle prezo á nosa saúde e á da nosa familia.

Non obstante, un seguro de saúde non é un asunto de diñeiro, é un asunto de tempo. Non o deixes pasar.

#E2K
BROKERNET

Rede Nacional de
Corredores de Seguros

Boletín Mensual
Nº 32 / Outubro 2015

Da man: Prezo e Cobertura

En época de crise todos intentamos minimizar gastos, non obstante hai situacións nas que supón un erro recortar. Un restaurante pode reducir custos na marca da botella de auga, pero non pode facelo apagando as luces e, moito menos, aforrar en calefacción ou aire acondicionado. É unha parvada desconectar a cafeteira e acendela só se che piden un café porque consome moito. **A psicose de recortar fainos cometer erros irreversibles, como no caso dos seguros cando declaramos menos valor do que corresponde.** Isto chámase: **infraseguro.**

Que perigoso engadir máis riscos! E o peor... crer que tes todo en orde. Porque se ademais dos riscos naturais que existen, prescindes dun seguro en condicións, o único que consigues é empeorar o posible panorama en caso de sinistro.

Un **infraseguro**, para definilo ben, supón que contratas unha póliza e lle outorgas ao ben garantido un valor inferior ao que realmente ten. En efecto, **“aparentemente” aforras un pouco diñeiro ao contratar, pero déixate no aire se algo chega a acontecer.**

Para explicalo mellor, vouche poñer un exemplo: os teus mobles e efectos persoais teñen un valor de 60.000 euros, pero asegúralos unicamente por 30.000 e acontece un accidente. Vante indemnizar na proporción que asegures, é dicir un 50%. Pero o teu erro é crer que estás cuberto ata 30.000 euros e non é así, porque en caso de sinistro indemnizarante aplicando a mesma regra proporcional.

En seguros ti non compras unha póliza, compras unha cobertura e para iso tes que saber que non facelo correctamente ten graves implicacións.



Ata que a morte nos separe, ou non?



Había unha parella que levaba saíndo 7 anos. Un bo día, decidiron casar e comezaron a planificar a voda. Primeiro a data, despois o restaurante, a cerimonia, os convidados, os traxes, as invitacións, a orquestra, o menú, as arras, as flores, a viaxe...

Total, nada máis e nada menos que 15.000 euros máis os imprevistos que puidesen xurdir. Moito diñeiro, pero era un día tan especial, onde iamos gozar todos tanto. Ademais, os dous tiñan un traballo estable e diñeiro aforrado no banco.

As familias apoiaron e colaboraron na preparación do esperado evento, pero a noiva, moi práctica ela, leu un artigo en internet que dicía algo sobre os Seguros de Vodas.

—Vaia! E se pasa algo á última hora?

—Que pode pasar?

—Non sei. Imaxina que contratamos o

cátering e este non cumpre, ou chove e hai que suspender a orquestra que está organizada ao aire libre...

O noivo abriu os contactos do seu teléfono móbil e buscou: "O MEU CORREDOR DE SEGUROS". E si, si existían estes seguros, **que son os chamados Seguros de Cancelación de Eventos**, onde a cobertura principal é a cancelación. É dicir, que che devolven o diñeiro cando o evento **queda cancelado por motivos alleos á vontade dos noivos**.

Un seguro de Cancelación de Eventos tamén ten outras moitas garantías que che aseguran que non perderás o teu diñeiro, polo menos recuperas "a parte grosa do gasto".

De calquera forma, foron felices... Tiveron 2 xemelgos e compraron unha casa para a que contrataron un Seguro de Fogar... *pero isto xa é outra historia que che contaremos outro día.*

Secuestro e Rescate

O 24 de agosto de 2014, o xornalista estadounidense Peter Theo Curtis foi liberado dun secuestro en Siria. Non obstante, a noticia tivo escaso interese e estivo eclipsada pola decapitación do seu colega James Foley, 5 días antes.

Estes sucesos pódense protexer cun **Seguro de Secuestro e Rescate**. Son contratados por empresas que envían empregados a países onde a seguridade é difícil de garantir por terrorismo, piratería ou secuestro de reféns que esixen o pagamento dun rescate.

Hai continentes moi complicados como África, Asia e Oriente Medio. Os executivos de alto perfil, os traballadores de empresas petrolíferas, construción, telecomunicacións, ou compañías financeiras (xunto aos seus familiares) son os grupos de risco potenciais.

Unha póliza deste tipo cobre: xestión de crise, obrigas legais, rehabilitación, recompensa e negociación.



A miña scooter ten sinistro total, canto é a indemnización?

Un coche golpeoume cando ía na miña scooter e quedou sinistro total, a súa aseguradora recoñeceu a súa culpabilidade. A miña moto tiña un mes e custoume 1.800 euros, canto sería a indemnización?

Resposta do teu "corredor"

A indemnización será igual ao prezo que che custaría comprar no mercado de ocasión unha moto de iguais características con 1 mes de antigüidade. A nosa recomendación é que estudes os prezos de lugares de compra. Tráelos á nosa axencia e nós xestionamos a túa indemnización.

Busca

Consultorio